

Resolución pola que se aproba a convocatoria de becas de comedor escolar para o curso 2019-2020 do Concello de Ferrol.

Co obxecto de dar resposta ás necesidades escolares dos menores do Concello de Ferrol cuxas familias teñan dificultades económicas de xeito que se garanta a igualdade de oportunidades no acceso á educación e a cobertura das necesidades básicas destes menores, foron aprobadas por decreto do Sr. Alcalde, do día 15/06/19, as Bases Reguladoras da concesión de becas de comedor escolar para o curso 2019-20.

De conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e poder proceder a aplicación destas bases, resolvo:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de becas de comedor escolar para o curso 2019-20.

Segundo.- O prazo de solicitude será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no BOP.

Terceiro.- Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO (En galego):

Convocatoria para a concesión de becas de comedor escolar para o curso 2019-20 do Concello de Ferrol

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a), de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria para a concesión de becas de comedor escolar para o curso 2019-20.

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Beneficiarios.

Unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados en centros de ensino (públicos e concertados) de Ferrol, nos que se impartan estudos de educación infantil e primaria e que contén con servizo de comedor.

Segundo: Obxecto.

Dar resposta ás necesidades escolares dos menores do Concello de Ferrol cuxas familias manifesten ter dificultades económicas que lles impidan facer fronte aos gastos de manutención durante o curso escolar 2019-20.

Terceiro.- Bases Reguladoras

As axudas rexeranse polas bases específicas publicadas no BOP do 02 de xullo de 2019.

Cuarto.- Contía

O importe da consignación presupostaria ascende a 268.000€ con cargo á partida 04001-3263-48000 distribuídos en dous exercicios presupostarios: 86.000€ no ano 2019(de setembro a decembro) e 182.000€ no ano 2020 (de xaneiro a xuño).

Quinto.- Criterios de valoración

Os criterios de valoración son os establecidos no punto 7 das bases reguladoras.

Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude será de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO (En castellano):

Convocatoria para la concesión de becas de comedor escolar para el curso 2019-20 del Ayuntamiento de Ferrol.

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria para la concesión de ayudas económicas de emergencia social municipal para el año 2019.

El texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primero.- Beneficiarios.

Unidades familiares de convivencia con menores de edad a cargo, escolarizados en centros escolares (públicos y concertados) de Ferrol, en los que se impartan estudios de educación infantil y primaria y que cuenten con servicio de comedor.

Segundo.- Objeto.

Dar respuesta a las necesidades escolares de los menores del Ayuntamiento de Ferrol cuyas familias manifiesten tener dificultades económicas que les impidan hacer frente a los gastos de manutención durante el curso escolar 2019-20.

Tercero.- Bases Reguladoras.

Las ayudas se registrarán por las bases específicas publicadas en el BOP del 02 de julio de 2019.

Cuarto.- Cuantía.

El importe de la consignación presupuestaria asciende a 268.000€ con cargo a la partida 04001-3263-48000 distribuidos en dos ejercicios presupuestarios: 86.000€ en el año 2019 (de septiembre a diciembre) y 182.000€ en el año 2020 (de enero a junio).

Quinto.- Criterios de valoración

Los criterios de valoración son los establecidos en el punto 7 de las bases reguladoras.

Sexto.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud será de 15 días hábiles a contar desde el día siguiente al de la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde do Concello de Ferrol

Ante min, o Secretario